

# *Programación de Latín*

**CURSO 2022-2023**

***IES San Paio (Tui)***

O profesor Laureano Alonso Álvarez, xefe do Seminario de Latín do IES San Paio, impartirá as asignatura de Latín e Grego ao longo do curso 2022-23 nos seguintes grupos e niveis

- Latín en 2º de Bacharelato Humanístico
- Latin en 4º ESO

Os alumnos non empregarán libro de texto ao longo do curso, pero manexarán o Dicionario Vox Latín-Español/Español-Latín en 2º de Bacharelato . A asignatura de Latin. non empregará libro de texto.

A presente programación está pensada e prantexada para una asistencia presencial, pero dadas as circunstancias do Covid-19, tamén haberá que contemplar por iso nesta programación o uso de ferramentas multimedia para poder seguir as clases de xeito telemático durante algúns días e determinados alumnos. A aula virtual será a ferramenta habitual na que se incluírán tódolos contidos e os exercicios que se vaian facendo na clase e que lles permitirán aos alumnos seguir o curso con normalidade. Nos cursos pasados xa nos vimos obrigados a usar esta ferramenta e outras como o correo electrónico para poder comunicarnos posto que ás veces os medios dixitais non están ó alcance de tódolos alumnos e alumnas da bisbarra, tanto por problemas de índole particular como especialmente pola falta de conexión e velocidade axeitada de internet no ámbito rural.

Cando se teña que recurrir á aula virtual do Ies San Paio, os exercicios prantexados serán os que formen parte da programación de cada curso, ou en calquera caso os exercicios de reforzo que se poidan introducir na plataforma serán os acaídos para cada nivel, conforme o xa traballado na aula.

## **LATÍN II. BACHARELATO.**

Os contidos propostos para Latín II en que se desenvolve a materia céntranse en dous grandes ámbitos, a lingua e a cultura, distribuídos en catro bloques:

### **1) *Estudo progresivo das características da lingua latina.***

A aprendizaxe da lingua latina e da súa gramática terá como obxectivo último a comprensión e tradución de textos literarios orixinais dunha complexidade progresiva, para o que é posible partir de textos adaptados ou elaborados. Segundo se suxire no DCB de Latín para 4º de ESO, parece recomendable seguir un método no que as regras morfosintácticas se deduzan da práctica da lectura e da tradución e no que a súa aprendizaxe sistemática constitúa unha segunda fase.

### **2) *Comprensión e interpretación de textos latinos.***

Os textos seleccionados responderán a diferentes épocas e xéneros literarios e poderán presentarse, tanto na súa forma orixinal, coas adaptacións necesarias para facilitar a súa comprensión, como en traducións. O profesorado poderá servirse tamén de textos elaborados graduados que faciliten o acceso progresivo aos textos orixinais.

A práctica da tradución de textos latinos ha contribuír tamén á reflexión sobre a lingua propia, buscando a correcta adecuación entre as estruturas lingüísticas de ambas as linguas.

*3) Estudo do léxico latino e a súa pervivencia en galego, castelán e outras linguas modernas.*

A adquisición dun vocabulario latino, baseado nunha frecuencia de uso, constitúe un instrumento para a comprensión e tradución de textos, ao tempo que permite mellorar na expresión oral e escrita en galego e en castelán, así como en linguas estranxeiras. Pódese adquirir ese vocabulario básico a través dos textos traballados, co que a súa aprendizaxe se realiza nun contexto determinado que facilita a súa asimilación.

4) A lectura de textos traducidos e orixinais constitúe un instrumento privilexiado para pór o alumnado en contacto coas mostras máis importantes da civilización romana: a creación literaria e a produción artística; a ciencia e a técnica; as institucións políticas, relixiosas e militares; a vida familiar, a organización social e a ordenación xurídica. A selección de textos de xéneros e épocas diversas atenderá ao criterio de ofrecer unha visión completa e equilibrada da historia e da sociedade romanas. A sistematización de todos eses datos extraídos de diversas fontes documentais, incluídas as que brindan as tecnoloxías da información e da comunicación, e a súa comparación constante cos que ofrecen as sociedades actuais permitirán unha valoración razoada da achega de Roma á conformación do ámbito cultural e político europeo.

A gradación dos contidos lingüísticos debe basearse no índice de frecuencia, situando no primeiro curso o máis habitual e deixando para o segundo o menos frecuente. Corresponde ao primeiro a lectura comprensiva e tradución de textos breves e sinxelos a través dos cales se asimilarán as estruturas da morfoloxía regular, os valores sintácticos máis usuais e os aspectos básicos da civilización romana. No segundo curso avanza na lectura comprensiva e tradución de textos de maior complexidade, distinguindo neles as características do xénero literario ao que pertencen, así como o tratamento de aspectos específicos do legado romano.

## **OBXECTIVOS DA ASIGNATURA DE LATÍN NO BACHARELATO**

**a.-** Inicialse na lectura, interpretación e tradución de textos de dificultade progresiva, utilizando, para este fin, o coñecemento dos elementos morfolóxicos, sintácticos e léxicos básicos da lingua latina.

**b.-** Reflexionar sobre os elementos substanciais que conforman as linguas e recoñecer compoñentes significativos da flexión nominal, pronominal e verbal latina nas linguas modernas derivadas do latín ou influídas por el.

**c.-** Achegarse a textos latinos diversos, orixinais, adaptados e traducidos, mediante unha lectura comprensiva e distinguir as súas características esenciais e o xénero literario ao que pertencen.

**d.-** Recoñecer elementos da lingua latina que evolucionaron ou que permanecen nas nosas linguas e aprecialos como clave para a súa interpretación.

**e.-** Buscar información sobre aspectos relevantes da civilización romana, indagando en documentos e en fontes variadas, analízalos criticamente e constatar a súa presenza ao longo da historia.

**f.-** Identificar e valorar as principais achegas da civilización romana no noso contorno e apreciar a lingua latina como instrumento transmisor de cultura.

**g.-** Valorar a contribución do mundo romano na súa calidade de sistema integrador de diferentes correntes de pensamento e actitudes (éticas e estéticas) que conforman o ámbito cultural europeo.

## ***Contidos***

### **I. A lingua latina**

- Revisión da flexión nominal e pronominal. Formas menos usuais e irregulares.
- Revisión da flexión verbal regular. Verbos irregulares e defectivos. Formas nominais do verbo.
- Afondamento no estudio da sintaxe dos casos.
- A oración composta. A subordinación: substantiva, adxectiva e adverbial; conxuncións. Construcións de participio e de infinitivo.

## **II. Os textos latinos e a súa interpretación**

- Afondamento nas técnicas e na práctica da tradución e do comentario de textos.
- Estudio sintáctico comparativo entre un texto orixinario e a súa tradución.
- Uso do dicionario latino.
- Comentario de textos.
- Características formais dos diferentes xéneros literarios: épica, lírica, teatro, oratoria e historiografía.

## **III. O léxico latino e a súa evolución**

- Formación de palabras latinas. Composición e derivación.
- Características diferenciais do latín fronte ó galego, ó castelán e a outras linguas romances.
- Aprendizaxe do vocabulario específico de orixe grecolatina usual nas disciplinas que se estudian no Bacharelato.
- Expresións latinas incorporadas á linguaxe culta.

#### IV. Roma e o seu legado

- Transmisión da literatura clásica.
- Os xéneros literarios latinos e a súa influencia nas manifestacións posteriores: teatro, historiografía, oratoria, épica, poesía lírica e elegíaca, epigrama, etc.
- legado de Roma en Hispania, e máis concretamente en Galicia. A romanización: vestixios nos restos arqueolóxicos e museos.

#### V. Actitudes, valores e normas

- Afondamento na valoración do feito diferenciador (e do seu entroncamento co mundo clásico) da cultura europea fronte a outras do planeta, no afán de contribuír á instauración dunha conciencia de cidadán europeo.
- Valoración do estudio e dos coñecementos do latín como un soporte importante para unha mellor comprensión da lingua e das manifestacións literarias propias, e doutras linguas románicas e non románicas.
- Aprecia-lo legado da romanización de Hispania, e da Gallaecia en particular, nos diferentes eidos. Afondamento nos referentes ó ámbito político-administrativo, xurídico, relixioso, mitolóxico, científico, tecnolóxico, artístico, urbanístico, etc.

### ***Secuenciación dos contidos en Latín II***

Adicarase o primeiro trimestre a repasa-los contidos estudados no curso anterior, ó mesmo tempo que se introducirá ó alumno na tradución de textos cada vez máis complexos. A partires do segundo trimestre iranse alternando os temas dos distintos bloques, tendo en conta o tipo de probas de acceso á Universidade propostas para os alumnos de Bacharelato.

### ***Criterios de avaliación***

- Identificar e analizar en textos orixinais os elementos da morfoloxía regular e irregular e da sintaxe da oración simple e composta e comenta-las súas discrepancias e coincidencias con outras linguas coñecidas.
- Resumir, oralmente ou por escrito, textos latinos orixinais de distintos xéneros literarios, elaborar esquemas básicos do seu contido e diferencia-las ideas principais das secundarias.
- Traducir de modo coherente textos latinos de certa complexidade, pertencentes a diversos xéneros literarios.
- Compara-lo léxico latino co das outras linguas que coñeza o alumno e deduci-las regras básicas de derivación e composición.
- Relacionar elementos constitutivos (fonéticos, morfolóxicos, sintácticos e léxicos) do latín e doutras linguas coñecidas polo alumno.
- Identificar e comentar elementos literarios esenciais de textos traducidos correspondentes a diversos xéneros e recoñece-las súas estruturas básicas diferenciadoras.
- Planificar e realizar traballos sinxelos sobre temas monográficos, manexando fontes de diversa índole: restos arqueolóxicos, inscricións, índices, léxicos, artigos específicos, etc.



En Latín II, a avaliación do alumnado será continua, baseada fundamentalmente na observación das actividades do alumno. Evaluaranse os coñecementos adquiridos por medio de probas escritas obxetivas que se adaptarán ó ritmo natural de aprendizaxe da clase. A calificación de cada avaliación obterase facendo a media das puntuacións obtidas nas probas escritas. Sen embargo, esta media pode variar segundo o criterio da profesora, quen terá en conta, ademáis, para calificar:

-a observación diaria na aula, valorando o esforzo e o interese do alumno e a súa actitude ante a asignatura;

-a asistencia a clase.

Non haberá recuperación, porque na avaliación continua, unha avaliación negativa dase por recuperada ó superar outra posterior. Do mesmo modo, suspender unha avaliación supón automaticamente a avaliación negativa da anterior, aínda que fora superada.

### ***Metodoloxía didáctica en Latín II***

- Tratar de conseguir-lo interese do alumno, alternando as explicacións gramaticais con temas máis amenos que permitan a realización de exercicios variados.
- Facer que as clases sexan dinámicas, participativas, que fomenten o traballo en grupo e a relación entre compañeiros.
- Fomenta-la interdisciplinabilidade para facer comprende-la vixencia das linguas clásicas nos distintos ámbitos.
- Combinar equilibradamente a teoría coa práctica, facendo prevalecer os exercicios de tradución sobre prolixas explicacións teóricas. Pódese chegar máis fácilmente á comprensión da teoría a través do contacto directo cos textos orixinais.

- Introducir ao alumno na tradución de frases, para logo inicialo na comprensión de textos orixinais sinxelos que lle permitan coñece-lo mundo grego nos seus distintos campos.
- Ler textos traducidos sobre os distintos aspectos da civilización grega para introducir ao alumno na cultura clásica a través das súas fontes orixinais.

### ***ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES:***

- *Para este curso está previsto organizar una viaxe a Aquis Querquennis e Bracara Augusta e una viaxe de maior duración(una semana) a Roma.*
- *Tamén nunha mañá faremos unha visita a Tui para ver o Arquivo da Catedral e os diversos códices medievais alí gardados.*
- *Asistencia ó Festival de teatro grecolatino da SEEC en Tui*

### **Avaliación e actividades de recuperación.**

Para 2º de Bacharelato, independentemente de que se poida realizar alguna proba extraordinaria sobre coñecementos gramaticais e morfolóxicos, o eixo sobre o que se articula a avaliación da materia son os exames de tradución con dicionario. Polo demais, procurárase axustar o modelo de exame ás probas de selectividade, consistindo o exame nas seguintes preguntas:

- a. Un texto para traducir coa axuda do dicionario (7 puntos).
- b. Latinismos (1 punto).
- c. Gramática (Análise morfolóxica e sintáctica) (1 punto)
- d. Unha pregunta de literatura.(1 punto)

Para obter unha avaliación positiva, o/a alumno/a deberá non deixar ningunha pregunta en branco e, obviamente, acadar unha cualificación total non inferior a 5 puntos.

A non asistencia a un exame, caso de non ser xustificada documentalmente, suporá a cualificación de 0 puntos no mesmo.

Non haberá probas de recuperación stricto sensu, porque o estudo dunha lingua non admite compartimentos estanco e cada paso adiante esixe o dominio do estudado previamente. Enténdese, xa que logo, que cada exame é, á vez, recuperación dun posible suspenso anterior. Porén, en cada avaliación haberá, de ser posible, 2 exames, valendo o primeiro un 40% da nota, o segundo un 60% . Así mesmo, e para garantir un esforzo continuado do alumnado ao longo do curso, a nota final na materia resultará da suma do valor das tres avaliacións: primeira un 20%, segunda un 30% e terceira un 50%.

Porén, en ningún caso haberá unha avaliación final positiva de ter a terceira avaliación suspensa.

A nota final de cada avaliación será o resultado de: probas escritas (90%); exame das lecturas(10%). Para obter unha avaliación positiva nesta materia será *conditio sine qua non* acadar unha nota media mínima igual o superior a 5 puntos.

Ao ter carácter contínuo, a avaliación é un proceso continuado ao longo de todo o curso, motivo polo cal a materia examinada non será liberatoria, puidéndose preguntar en cada exame toda a materia explicada ata ese momento.

## **LATÍN 4º ESO**

### **1) OBXECTIVOS DA ETAPA.**

A Educación Secundaria Obligatoria debe contribuir a desenvolver nos alumnos e as alumnas capacidades que lles permitan:

**a.-** Asumir responsabelmente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto aos demais, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e grupos, exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos como valores común dunha sociedade plural e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

**b.-** Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas de aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

**c.-** Valorar e respetar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres.

**d.-** Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como rexeitar a violencia, os prexucios de calquera tipo, os comportamentos sexistas e resolver pacíficamente os conflitos.

**e.-** Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información pare, con sentido crítico, acadar novos coñecementos. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

**f.-** Concebir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en distintas disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.

**g.-** Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en sí mesmos, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisión e asumir responsabilidades.

**h.-** Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua castelá e, se a houbese, na lingua cooficial da Comunidade, textos e mensaxes complexos, e iniciarse no coñecemento, a lectura e o estudio da literatura.

**i.-** Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

**j.-** Coñecer, valorar e respetar os aspectos básicos da cultura e a historia propias e dos demais, así como o patrimonio artístico e cultural.

**k.-** Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o dos outros, respetar as diferencias, afianzar os hábitos de cuidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o cuidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e mellora.

**l.-** Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, empregando diversos medios de expresión e representación.

## 2) AS COMPETENCIAS BÁSICAS.

### 2. A. Competencias xerais:

- *Competencia en comunicación lingüística.*
- *Tratamento da información e competencia dixital.*
- *Competencia para aprender a aprender.*
- *Autonomía e iniciativa persoal.*

### 2. B. Competencias específicas:

- *Competencia cultural e artística e de localización espacial e temporal.*
- *Competencia social e cidadá.*

### 2. A. Competencias xerais:

- *Competencia en comunicación lingüística.*

Como marca a Lei educativa esta competencia contribúe á lectura comprensiva de textos diversos e á expresión oral e escrita como medios indispensábeis para calquera aprendizaxe de calidade”. A competencia de comunicación lingüística incluíría o desenvolvemento das seguintes habilidades no marco do latín:

- *Interpretar información dun texto:*
  - *Descubrimento do latín como unha lingua viva e cun gran legado nas llinguas romances e non romances.*
  - *Coñecemento da estrutura da lingua latina.*

- *Achegamento á comprensión da gramática funcional das linguas europeas de orixe romance e doutras que comparten co latín o carácter flexivo.*
  - *Interpretación dos elementos morfosintácticos.*
  - *Práctica da traducción e da retroversión.*
- *Adquisición e aprendizaxe dun vocabulario específico relacionado co latín:*
- *O estudio da formación das palabras e os fenómenos de evolución fonética colabora eficazmente á ampliación do vocabulario básico.*
  - *Utilizar a linguaxe como instrumento de comunicación.*
  - *O coñecemento das etimoloxías grecolatinas proporciona a comprensión e incorporación dun vocabulario culto e explica o vocabulario específico de termos científicos e técnicos.*
  - *Foméntase o ser consciente da variabilidade das linguas a través do tempo e dos diferentes ámbitos xeográficos e sociais.*
  - *Fomenta igualmente o interese e o respecto por todas as linguas.*
- *Recuperar información dun texto:*
- *Buscar e reter detalles concretos.*
  - *Identificar a idea xeral.*
  - *Identificar as ideas principais.*
  - *Separar as ideas principais e as secundarias.*
  - *Buscar exemplos.*
  - *Identificar rasgos característicos.*
  - *Identificar a parte dun texto que empregarían para algo concreto.*
- *Organizar a información dun texto.*

- Reflexionar sobre a información dun texto:
  - *Identificar presuposicións.*
  - *Formarse unha opinión e xustificar o seu punto de vista.*
  - *Separar feitos de opinións.*
  - *Diferenciar o verdadeiro do falso.*
  - *Diferenciar o real do imaxinario.*
  - *Comparar a información con normas morais ou estéticas.*
  
- Comunicarse oralmente en debates e traballos en grupo.

- ***Tratamento da información e competencia dixital.***

Con esta competencia preténdese un achegamento do alumnado ás fontes principais de información e a súa aplicación no proceso de aprendizaxe, especialmente todo o relativo ás novas tecnoloxías como instrumento insustituíbel para a búsqueda de información específica sobre aspectos concretos do mundo antigo. Para desenvolver esta competencia traballaránse as seguintes habilidades:

- Recollida de fontes (destacando a recollida de información en Internet).
- Análise de distintos tipos de fontes:
  - *Primarias e secundarias.*
  - *Escritas, materiais, iconográficas e orais.*
- Comunicación da información.
- Comparación de fontes e análise de contradicións e diverxencias.
- Integración da información que proporcionan distintas fontes.
- Análise de distintos niveis de información:

- *Implícita e explícita.*
  - *Relevante e non relevante.*
  - *Obxectiva e subxectiva.*
- *Análise crítico da información.*
- *Valoración de fontes:*
- *A súa utilidade.*
  - *O seu obxectivo.*
  - *Grao de fiabilidade e manipulación.*

- ***Competencia para aprender a aprender.***

O propio proceso de aprendizaxe conleva a adquisición e interiorización dunha serie de procesos que permitirán ao alumnado unha certa autonomía na súa relación coas fontes ás que se poda enfrentar en anos posteriores, potenciando o traballo individual, de elaboración de esquemas, subliñado de textos, lectura de imaxes, confección de mapas conceptuais e de organigramas. En definitiva, tratar correctamente a información mediante unha serie de técnicas organizativas, ao tempo que se adquire unha serie de habilidades entre as que se atoparían as seguintes:

- *Reflexionar sobre a estrutura da lingua latina.*
- *Investigar a orixe das palabras en diferentes ámbitos.*
- *Estudiar o legado da lingua latina nas linguas romances e non romances.*
- *Realizar actividades sobre lingua latina.*
- *Traballar con distintas fontes de información.*
- *Redactar un texto descriptivo.*
- *Elaborar unha xustificación.*
- *Subliñar ideas principais e secundarias.*
- *Elaborar resumos.*



- *Confeccionar traballos por escrito coas súas partes ben diferenciadas.*
- *Completar textos aos que lles falta información, tentando que relacionen a parte exposta con aquilo que coñecen e xa aprenderon anteriormente.*
- *Elaborar temas de carácter biográfico-mitolóxico.*
- *Distinguir factores determinantes nunha situación: causas, desenvolvemento e consecuencias.*

- ***Autonomía e iniciativa persoal.***

Esta competencia trátase da potenciación de valores importantes no ser humano como son o autocontrol, a autoestima e a creatividade, que permitan ao alumnado formarse como persoas e enfrentarse a diferentes situacións na vida. Habería que insistir na necesidade de facer fronte a situacións particulares mediante a toma de decisión e a defensa da propia opinión con argumentos razoados que aumentan a confianza neles mesmos, nun proceso de búsqueda de solución ante os problemas. As habilidades, polo tanto, que habería que impulsar serían as seguintes:

- *Elexir con criterio propio.*
- *Tomar decisións.*
- *Imaxinar proxectos.*
- *Criticar posturas.*
- *Defender argumentos propios.*
- *Planificar e executar o planificado.*
- *Imaxinar cómo podería cambiar unha situación se variase unha das causas que a produciron.*

## **2. B. Competencias específicas:**

- ***Competencia cultural e artística e de localización espacial e temporal.***

Dentro desta competencia trataranse todas aquelas habilidades que inciden en presentar correctamente o ámbito xeográfico-espacial e temporal da civilización romana e o seu legado. Tamén se promoverá no alumnado a utilización da obra de arte como fonte de información e como estímulo para a formación do seu espírito estético, ao tempo que se promove o respecto pola herencia cultural e do patrimonio histórico-artístico do mundo clásico. As habilidades que se desenvolverían nesta competencia serían as seguintes:

- *Interpretar planos de monumentos antigos.*
- *Analizar obras de arte para extraer información histórica e social.*
- *Valorar a importancia do patrimonio cultural doutras épocas.*
- *Analizar a pervivencia do pasado no presente.*
- *Interpretar o simbolismo das obras de arte.*
- *Adquirir un vocabulario específico.*
- *Comparar obras de arte de distintos estilos.*
- *Facer a representación creativa dun tema determinado.*
- *Estudiar mapas para localizar o entorno xeográfico da civilización romana.*
- *Estudiar mapas sobre a expansión romana en Europa e o Mediterráneo.*
- *Interpretar fontes iconográficas para extraer información histórica e situala nun período determinado.*
- *Ordenar repertorios en sucesión correcta.*
- *Organizar qué cambia e qué permanece ao longo do tempo.*
- *Analizar a información contida en fontes documentais diferentes.*

- ***Competencia social e cidadá.***

Esta competencia vese reflexada a través do estudio da sociedade e da política no mundo romano, como unha invitación á reflexión sobre a evolución da condición da muller, a orixe do pensamento democrático, a importancia do diálogo, o respecto da opinión do contrario e a tolerancia hacia outras maneiras de entender a vida. Potenciaranse mediante esta competencia as habilidades que persigan a participación activa na vida cívica. Serían as seguintes:

- *Reflexión crítica sobre os conceptos de democracia, liberdade, solidariedade, corresponsabilidade, participación e cidadanía, con especial atención aos dereitos e deberes (tanto no pasado como no presente).*
- *Empatía.*
- *Exercicio do diálogo.*
- *Traballos en grupo.*
- *Participación en debates nos que se expresen as propias ideas e se escoiten as dos demais.*
- *Utilización do xuízo moral para elixir e tomar decisións.*
- *Valoración dos intereses persoais e os do grupo á hora de tomar decisións.*

### **3) CONTIDOS MÍNIMOS.**

#### **3. A. O sistema da lingua latina:**

- O abecedario e a pronunciación do latín.
- O latín como lingua flexiva.
- Clases de palabras.
- As estruturas oracionais básicas.
- Valoración da lingua latina como principal vía de transmisión e pervivencia do mundo clásico e instrumento privilexiado para unha comprensión profunda do sistema das linguas romances.

### **3. B. A historia e a evolución da lingua latina:**

- A orixe e a evolución do latín.
- Latín culto e latín vulgar.
- A aportación léxica do latín ás linguas modernas non derivadas del.
- Valoración da orixe común das principais linguas europeas, interese pola adquisición de novo vocabulario, respecto polas demais linguas e aceptación das diferencias culturais das xentes que as falan.

### **3. C. A formación de palabras:**

- Componentes grecolatinos nas linguas romances.
- O vocabulario da ciencia e da técnica.
- Latinismos e locucións latinas.
- Curiosidade por coñecer o significado etimolóxico das palabras e interese na adecuada utilización do vocabulario.

### **3. D. Outras vías de transmisión do mundo clásico:**

- O marco histórico da sociedade romana.
- As pegadas materiais da romanización.
- As institucións e a vida cotiá.
- A mitoloxía na literatura e nas artes plásticas e visuais.
- Recoñecemento de elementos da mitoloxía clásica en manifestacións literarias e artísticas de todo tipo e interpretación do seu significado.
- Valoración do papel de Roma na historia de Occidente, respecto pola herdanza do seu patrimonio arqueolóxico, artístico e literario e interese pola lectura de textos da literatura latina.

## 4) PROGRAMACIÓN DAS UNIDADES.

### */ Unidade 1 /*

#### ➤ **Obxectivos:**

- *Identificar e relacionar elementos morfolóxicos, sintácticos e léxicos da oración atributiva en latín.*
- *Traducir frases sinxelas recurrido a un vocabulario transparente.*
- *Reflexionar sobre os elementos formais e as estruturas lingüísticas das linguas romances coñecidas polo alumno, a través da comparación co latín, modelo de lingua flexiva.*
- *Utilizar as primeiras regras de evolución fonética do latín ás linguas romances.*
- *Identificar palabras patrimoniais, cultismos e latinismos en diferentes contextos lingüísticos.*
- *Mellorar a lectura comprensiva e a expresión oral e escrita mediante o coñecemento do vocabulario e as estruturas gramaticais latinas.*
- *Coñecer os aspectos relevantes da cultura e a civilización romanas comenzando pola identificación da península itálica en textos clásicos e en mapas.*

#### ➤ **Contidos:**

##### **Conceptos:**

- *Pronunciación do abecedario latino.*
- *Sustantivos e adxectivos latinos.*
- *O nominativo masculino e feminino (1ª e 2ª declinación).*

- *Presente do verbo **sum**.*
- *Lectura e tradución de frases sinxelas.*
- *Estrutura da oración atributiva.*
  
- *Concordancia morfosintáctica.*
- *Evolución fonética do latín ao castelán: termos patrimoniais e cultismos.*
- *Marco xeográfico da sociedade romana. Uso de fontes primarias e secundarias para coñecer o pasado.*
- *As provincias do Imperio Romano. Hispania.*

### **Procedementos:**

- *Comparación entre a lingua latina e a lingua propia do alumnado.*
- *Distinción dos componentes das palabras en latín: lexemas, sufixos e prefixos.*
- *Comprensión do sistema flexivo da lingua latina.*
- *Elaboración de cadros con sufixos correspondentes ao nominativo (1ª e 2ª declinación).*
- *Búsqueda de información e contraste coa ofrecida.*
- *Lectura e interpretación de textos clásicos relacionados co marco xeográfico romano e os diferentes topónimos de Italia no pasado.*

### **Actitudes:**

- *Interese na comprensión de textos latinos de dificultade mínima.*
- *Afición á lectura de textos clásicos.*
- *Curiosidade por comprender a formación de palabras na súa evolución fonética do latín ás linguas romances.*
  
- *Capacidade de elaboración de frases sinxelas en latín a partir de situacións xa estudadas.*
- *Utilización de mapas e outros recursos para situar no espacio e no tempo a cultura romana clásica.*

- *Capacidade de traballo en grupo.*

➤ ***Criterios de avaliación:***

- *Comprender textos escritos en latín.*
- *Realizar retroversión ao latín.*
- *Asimilar as estruturas morfosintácticas e realizar as analoxías correspondentes coas linguas que coñece o alumnado.*
- *Aplicar as regras de evolución fonética.*
- *Establecer semellanzas e diferencias entre a nosa lingua e o latín do que procede, sinalando os procesos lingüísticos que as causaron.*
- *Comprender as fontes clásicas e extraer conclusións.*
- *Ubicar xeográficamente rexións da península itálica e comprobar a súa correspondencia na actualidade.*
- *Saber empregar o vocabulario específico adecuado.*

## ***/ Unidade 2 /***

➤ ***Obxectivos:***

- *Identificar e relacionar elementos morfolóxicos, sintácticos e léxicos da oración predicativa en latín.*
- *Traducir frases sinxelas recurrido a un vocabulario transparente.*
- *Reflexionar sobre os elementos formais e as estruturas lingüísticas das linguas romances coñecidas polo alumno, a través da comparación co latín, modelo de lingua flexiva.*
- *Utilizar as primeiras regras de evolución fonética do latín ás linguas romances.*
- *Coñecer a influencia da mitoloxía relacionada coas musas e as súas funcións.*

- *Mellorar a lectura comprensiva e a expresión oral e escrita mediante o coñecemento do vocabulario e as estruturas gramaticais latinas.*
- *Coñecer os aspectos relevantes da primitiva historia da civilización romana, recurrido ás fontes clásicas.*

➤ **Contidos:**

**Conceptos:**

- *As partes da oración predicativa.*
- *O xenitivo e ablativo masculino e feminino, singular e plural (1ª e 2ª decl.).*
